

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE XUÑO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día oito de xuño de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 1 de xuño de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 1 de xuño de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

Non se tratou este punto da orde do día.

3º.- Aprobación, se procede, da baixa do vehículo marca Citroën, modelo Jumper, con placas de matrícula 2951 BGP e nº de bastidor VF7232VH216063235, que forma parte da flota de vehículos que utilizaba persoal da Área de Cultura e Deportes para o desenvolvemento das súas tarefas habituais, e adjudicación á empresa "Desguaces Armonía S.L.", no prezo ofertado de 130 euros

Vista a proposta da Alcaldía de data 2 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o informe emitido con data de 15 de maio de 2021 polo coordinador da área de cultura e deportes no que se propón:

- *"Realizar os trámites necesarios para dar a baixa definitiva do furgón Citroen Jumper con matrícula 2951 BGP, co fin de retirar o vehículo da circulación, xa que chegou ao fin da súa vida útil.*

- Realizar os trámites necesarios para dar de baixa o seguro obrigatorio do dito vehículo municipal.
- Aceptar a oferta presentada pola empresa Desguaces Armonía S.L. por importe de 130,00 euros para a eliminación e tratamento residual do dito vehículo”.

Visto o informe emitido con data de 1 de xuño de 2021 pola secretaría xeral.

Tendo en conta a Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local, na que se delega neste órgano o alleamento do patrimonio cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, **propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro: Clasificar o vehículo matriculado con data do 16 de marzo de 2001, marca Citroën, modelo Jumper, con placas de matrícula 2951 BGP e nº de bastidor VF7232VH216063235, que forma parte da flota de vehículos que utilizaba persoal da Área de Cultura e Deportes para o desenvolvemento das súas tarefas habituais como ben patrimonial coa consideración de efecto non utilizable, ao amparo do establecido no artigo 7, apartados 1 e 4, do Real Decreto 1372, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e 143.1 e 2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

Segundo: Aceptar a oferta presentada pola empresa "Desguaces Armonía SL", con CIF B70406434, e adxudicarlle a eliminación e tratamento residual do citado vehículo no prezo ofertado de cento trinta euros (130 €), debendo remitir a este Concello certificado de destrución e xustificante da baixa anotada na Dirección Xeral de Tráfico.

O ingreso deberá ser comunicado ao Concello de Cambre por calquera medio que permita a súa constancia e realizarse en calquera das seguintes contas bancarias indicando no concepto *“baixa vehículo 2951 BGP cultura-deportes”*:

BBVA:IBAN ES79 0182-6244-4500-1000-0306
Caixabank :IBAN ES56 2100-2459-1402-0000-0804
Banco Santander.....IBAN ES13 0049-3063-3721-1400-3540
Abanca.IBAN ES10 2080-5531-0931-1000-0158

Terceiro: Dar traslado do presente acordo, a través da plataforma electrónica TEdE, á técnica de xestión de administración xeral adscrita á área de Secretaría co fin de que tramite a incorporación da presente resolución ao Inventario de Bens e Dereitos deste Concello, procedendo á baixa do citado vehículo, que actualmente se atopa codificado ao número 5.0.00023.

Cuarto: Dar traslado a través da plataforma electrónica TEdE á Tesourería e Intervención Municipais, ao Departamento de Cultura e Deportes e ao departamento de Réxime Interior.

Quinto: Notificar á empresa adxudicataria, indicándolle que esta resolución, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou (artigo 124 da Lei 39/2015).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a

distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 28 de maio ao 3 de xuño do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 832/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 873/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
832/2021	28-05-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 60.052,78 euros
833/2021	28-05-2021	Execución de sentenza en procedemento ordinario 146/2019
834/2021	28-05-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 1 de xuño de 2021
835/2021	28-05-2021	Desestimento axuda aluguer de VMGP
836/2021	28-05-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MPVD
837/2021	28-05-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación, por superar o saldo medio aforro establecido no art. 2 da ordenanza reguladora. Solicitante: DCH
838/2021	28-05-2021	Denegar a axuda emerxencia social alimentación por esgotar o período máximo de concesión de 18 meses. Solicitante: EJJ
839/2021	28-05-2021	Recurso de reposición interposto por ARP
840/2021	28-05-2021	Licenza primeira ocupación para a vivenda sita en Quintán, Cambre. Propiedade: DGS
841/2021	28-05-2021	Produtos de limpeza e desinfección para pavillóns polideportivos segundo listado do Ministerio de Sanidade de virucidas para previr a Covid 19
842/2021	28-05-2021	Solicitud de aprazamento de débeda feita por MCI da liquidación nº 2020 023 000067 correspondente á taxa polo servizo de subministración de auga, expedido a nome de herdeiros de MPO, correspondente ao segundo trimestre de 2020
843/2021	28-05-2021	Licenza de prórroga para finalizar o movemento de terras na parcela da concentración parcelaria de Sta. Mª de Vigo, promovido por CCM
844/2021	28-05-2021	Incorporación de remanentes 13/2021
845/2021	28-05-2021	Reposición legalidade urbanística pola colocación dun portal nun camiño privado no lugar de Enxertos, Sigrás. Propiedade: JAEG e PLP
846/2021	28-05-2021	Reposición legalidade urbanística por movementos de terras (escavación, estendido e acopio de terras) vertido e estendido en zonas parciais de árido ou material triturado e pola demolición dunha construción auxiliar existente na parcela sita en Piñeiro, sen axustarse á licenza concedida



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		en expte 01/129/99. Propiedade: JDCN
847/2021	28-05-2021	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de marzo de 2021
848/2021	31-05-2021	Recurso de reposición contra resolución de conciliación
849/2021	31-05-2021	Expediente sancionador polo depósito na vía pública de escombro e outros elementos relacionados con material de obra en Agra do Mero (Sigrás). Responsable: DDV
850/2021	31-05-2021	Reposición legalidade urbanística por obras efectuadas en edificación situada en Fontenla, Pravio sen licenza concedida ou comunicación previa presentada consistentes na colocación dunha cheminea. Propiedade: DRB e herederos de ASM
851/2021	31-05-2021	Reposición legalidade urbanística por actos realizados na finca situada en Aldea, na parroquia de Andeiro, consistentes na reforma e ampliación dun galpón existente. Propiedade: Hdros de CGD
852/2021	31-05-2021	Aprobación conmemoración centenario Seivane
853/2021	01-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 7.955,57 euros
854/2021	01-06-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 40.519,72 euros
855/2021	01-06-2021	Subministración de catro mamparas de protección anticovid para o departamento de intervención
856/2021	01-06-2021	Recoñecemento de obrigas correspondentes á xustificación das contratacións efectuadas polas empresas ou entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual PROXEDIS-PROWEB 2019/2020.
857/2021	01-06-2021	Devolución aval construción dun edificio de 17 vivendas, local comercial, rochos e garaxe na rua Graduil, Cambre. Solicitante: RH, S.L:
858/2021	01-06-2021	Aprobación de facturas e gastos, así como recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 37.677,90 euros
859/2021	01-06-2021	Interposición recurso de reposición fronte á resolución 470/2021, da Concellería delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de abril de 2021, pola que se convoca proceso para a provisión do posto vacante de inspector-xefe da Policía Local de Cambre e se aproban as bases reguladoras de dita convocatoria
860/2021	01-06-2021	Reposición legalidade urbanística pola construción dunha piscina, na parcela sita en Sobrecarreira, parroquia de Sigrás. Propiedade: JFR e MdeIRRD
861/2021	01-06-2021	Recurso de reposición á resolución nº 470/2021 da Concellería delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 9 de abril de 2021, pola que se convoca proceso para a provisión do posto vacante de inspector-xefe da Policía Local de Cambre e se aproban as bases reguladoras de dita convocatoria
862/2021	01-06-2021	Aprobación da xustificación e proposta de recoñecemento e liquidación de obrigas así como de pago das subvencións municipais a entidades veciñais sen fin de lucro para actividades culturais e deportivas nos centros de educación do concello correspondentes ao ano 2019. Educación.

863/2021	01-06-2021	Aprobar a lista definitiva concurso auxiliares administrativos
864/2021	02-06-2021	Servizo de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde para o acondicionamento da Pista Polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, Cambre
865/2021	02-06-2021	Aprobación da achega correspondente ao exercicio 2020 do convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Fundación ADRA (Axencia Adventista para o desenvolvemento e recursos asistenciais).
866/2021	02-06-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
867/2021	02-06-2021	Recoñecemento de obrigas das subvencións concedidas en Consolida Cambre IV
868/2021	02-06-2021	Corrección erros decreto 864/2021 do 2/6/2021
869/2021	02-06-2021	Aprobación Plan de Prevención de Incendios 2021
870/2021	02-06-2021	Convocatoria sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 16 de xuño de 2021, a petición da cuarta parte, polo menos, dos membros da Corporación municipal
871/2021	02-06-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
872/2021	03-06-2021	Aprobación de despesas, recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 1.458,84 euros
873/2021	03-06-2021	Incorporación de remanentes 14/2021

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de *"Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e o Cepal. Cambre"*, á empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.A., no prezo ofertado de 26.875,33 € sen IVE, 32.519,15 € IVE incluído . Expediente núm. 2021/C002/000049
- Proposta de adxudicación do contrato menor para a reforma da zona de xogos infantís do CEIP "Gonzalo Torrente Ballester", á entidade Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L. no prezo ofertado de 28.625,00 euros sen IVE, 34.636,25 euros IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000027
- Proposta de adxudicación do contrato menor para obra de "Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como reductor de velocidade en PK 0+748 de la DP-1702", á empresa JARDINERÍA ARCE SL, no prezo ofertado de 15.348,90 € sen IVE, 18.572,17 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000039

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á obra de *"Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e o Cepal. Cambre"*, á empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.A., no prezo ofertado de 26.875,33 € sen IVE, 32.519,15 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000049

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 19/02/2021 asínase pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipais o proxecto correspondente á obra “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e o Cepal, Cambre”, cun importe de 34.454,49 euros sen IVE, 41.689,93 euros IVE incluído, obra para a cal se solicita subvención ao abeiro da “Resolución do 28 de decembro de 2020 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (código de procedemento MR701E)”, publicado no DOG nº 19 do 29/01/2021.

Os camiños incluídos neste proxecto, atópanse nun importante estado de deterioración, motivado polo importante número de vehículos que transitan por estes, polo que é necesaria a súa mellora mediante o afirmado do mesmo. Ademais, para a selección do camiño a pavimentar tivéronse en conta os criterios establecidos nas bases da Resolución do 28 de decembro de 2020 pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022.

Con data do 22 de febreiro de 2021 emítase informe polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que consta que “O camiño número 00230 (Aldea de Arriba) atópase no ámbito de afección da estrada AC-214, polo que deberá para a realización da actuación proxectada efectuarse a Declaración Responsable pertinente a Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia, administración titular da estrada, segundo o establecido no artigo 45 bis. da “Lei 8/2013 de estradas de Galicia”.

Con data do 16 de marzo de 2021 solicítase á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a autorización para a execución da obra, autorización que se recibe no Concello de Cambre, procedente do Servizo provincial da AXI na Coruña, con data do 28 de abril seguinte.

Con data 28/04/2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o Concelleiro delegado da Área de Urbanismo e a Concelleira delegada de Economía, Facenda e Réxime Interior o documento denominado “Informe técnico de necesidade”, correspondente á antedita obra, no que se motiva a necesidade da obra con base en que o día 21 de abril deste ano, notificase neste concello a resolución pola cal se concede ao Concello de Cambre a subvención para a execución do proxecto en base á Resolución do 28 de decembro de 2020, publicada no DOG o día 29 de xaneiro de 2021, tendo en conta que, dentro desta resolución establécese que o prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2021 será o 10 de setembro de 2021.

Con data 12/05/2021 emítase documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 454 61900 (outras inversións reposición camiños veciñais).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

Con data 02/06/2021 emítase informe pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.
- ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.
- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.
- CANARGA S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.	30.577,52 €	36.998,80 €
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	26.875,33 €	32.519,15 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	32.115,02 €	38.859,17 €
CANARGA S.L.	29.457,85 €	35.644,00 €

formulando proposta de adjudicación do contrato menor correspondente á obra de “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e o Cepal. Cambre”, á empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.A., con NIF A1500****, domicilio en Paseo de Ronda, 24, 15011, A Coruña no prezo ofertado de 26.875,33 € sen IVE, 32.519,15 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 4 de xuño de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 188/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 6 de xuño de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o proxecto correspondente á obra “*Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e o Cepal, Cambre*” elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, cun orzamento base de licitación de 34.454,49 €, sen IVE, 41.689,93 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 454 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000049, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “*Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e o Cepal. Cambre*”, á empresa ARIAS INFRAESTRUCTURAS S.A., con NIF A15008485, domicilio na rúa Paseo de Ronda, 24, 15011, A Coruña no prezo ofertado de 26.875,33 € sen IVE, 32.519,15 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

De conformidade coa Resolución de Autorización na zona de dominio público e/ou nas zonas de protección da estrada AC-214 emitida polo Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas na Coruña, Expediente nº IF204A/AC/2021/0329, de data 21/04/2021 e recibida no Concello de Cambre con data 28/04/2021, a empresa adxudicataria das obras deberá acreditar ante ese Servizo o xustificante de ter presentado unha garantía por un importe de **600,00 euros**, que responda dos potenciais danos ou perdas que se poidan provocar ao dominio público viario conforme ao artigo 51 da LEG e 119 do REG. Esta garantía deberá depositarse na Caixa xeral de depósitos da Axencia Tributaria de Galicia, a favor da Axencia Galega de Infraestruturas.

Ademais, tal e como consta na Resolución de concesión de axuda do Plan de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (MR701E), notificada ao Concello de Cambre con data do 21/04/2021, deberase publicitar a concesión da subvención outorgada mediante a colocación dun panel, con información acerca da operación, que deberá estar visible durante a execución das obras, de xeito que a Agader facilitará a través da páxina web o modelo correspondente.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora da obra e responsable do contrato, á enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanöe, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A coordinación da seguridade e saúde da obra, e mailo control de calidade da mesma, exerceranse polas entidades que resulten adxudicatarias dos expedientes nºs 2020/C004/000022 e 2020/C004/000021, que actualmente está a tramitar o Concello de Cambre para adxudicación dos servizos correspondentes á coordinación de seguridade e saúde e control de calidade das obras promovidas polo concello.

Sétimo: De conformidade co establecido no artigo 17 da “Resolución do 28 de decembro de 2020 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (código de procedemento MR701E)”, publicado no DOG nº 19 do 29/01/2021, os beneficiarios das axudas concedidas quedan obrigados, entre outras, a manter a obriga de destino das actuacións subvencionadas durante un período mínimo de cinco anos a partir da resolución do pagamento final, e as obras deberán ter unha garantía de mantemento de cinco anos, contados desde a data de pagamento final da axuda, correndo a cargo do Concello os custos necesarios para a súa xustificación.

Ademais, de conformidade co artigo 13.2 da citada resolución, o concello deberá contratar o servizo de control de calidade das obras executadas.

Oitavo: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá

recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Proposta de adxudicación do contrato menor para a reforma da zona de xogos infantís do CEIP “Gonzalo Torrente Ballester”, á entidade Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L. no prezo ofertado de 28.625,00 euros sen IVE, 34.636,25 euros IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000027

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 5/04/2021 asínase polo arquitecto municipal o documento denominado “Descrición técnica para a reforma da zona de xogos infantís do CEIP Gonzalo Torrente Ballester, Sigrás”, cun importe de licitación de 28.715,17 euros sen IVE e 34.754,36 euros IVE incluído, e un prazo de execución dun mes.

En concreto, o proxecto consiste na renovación total da zona de xogos para aumentar a súa seguridade e capacidade, co levantamento do pavimento de corteza de pino existente e a súa base actual para poñer no seu lugar un pavimento continuo de caucho con base de formigón, substitución dos xogos existentes e incorporación dun mais para aumentar a capacidade de usuarios, realización dunha soleira de formigón armado, instalación do obrigado cartel sinalizador acorde coa normativa vixente e redacción dun certificado da área de xogos, realizado por unha empresa certificadora homologada, que xustifique o cumprimento da normativa de aplicación.

Con data 7/04/2021 asínase polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Educación, polo concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente e Sanidade, pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos o documento denominado “Proposta-Informe de necesidade”, correspondente á actuación de referencia, no que se motiva a necesidade urxente e inaprazable de executar dita obra, dadas as deficiencias detectadas na revisión realizada o 25 de febreiro de 2021 por persoal municipal ás instalacións do CEIP Gonzalo Torrente Ballester, que afectan ao correcto desenvolvemento da actividade escolar, para mellorar as condicións nas que se atopa a instalación, mellorando o seu estado e velando pola seguridade e saúde do alumnado de educación infantil e primaria.

Segundo consta en dito informe, para a execución da presente actuación son necesarias as autorizacións da Xunta de Galicia e da dirección do centro educativo, solicitándose polo concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente e Sanidade con data 2 de marzo de 2021 á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sen que a día de hoxe se recibira comunicación ao respecto.

Con data 6/04/2021 emítese documento de “Retención de crédito” pola Intervención municipal no que consta a consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 171 61900 (outras inversións, reposición parques e xardíns), dentro do código de proxecto 2021 4 171 2 1 (Inversións parques e xardíns, montaxe dun parque infantil no colexio de Sigrás).

O órgano competente para a autorización e aprobación do gasto, e para a adxudicación do expediente, é a Xunta de Goberno Local (segundo Resolución da Alcaldía nº 1324/2019 do 1 de xullo de delgación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local).

As actuacións que se pretenden levar a cabo enmárcanse dentro das competencias que o Concello de Cambre ten en materia de “conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial”, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado n) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, redactado por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

Con data 19/04/2021 emítese informe polo coordinador de Actividades culturais e educativas municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- CONTORNA TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS SL,
- MURAT CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTO S.L.
- NARÓN SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L

e que presentaron oferta en tempo todas as empresas invitadas, facendo referencia á existencia de erro na oferta presentada pola empresa MURAT CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTO, S.L, resultando as seguintes ofertas valorables, tal e como se relaciona a continuación:

Empresa	PREZO OFERTA (IVE incluído)
CONTORNA TÉCNICAS CONSTRUCTIVAS SL	34.727,00 €
NARON SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE S.L.	34.636,25 €

E formulando proposta de adxudicación do contrato menor para a “Montaxe dun parque infantil no CEIP Gonzalo Torrente Ballester” a prol da empresa Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L, co CIF: B700***** e domicilio en rúa Pé do muíño 17 Meirás, 15168 Sada, no prezo ofertado de 28.625,00 euros máis o 21% de IVE, que supón un total 34.636,25 euros (IVE incluído), por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao criterio de valoración establecido, o prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 29 de abril de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 126/2021 – Reparos 41 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 2 de maio de 2021.

Visto que con data do 3 de maio de 2021 asinouse polo arquitecto municipal a Acta de Replanteo do proxecto, e visto o informe emitido polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude de data 19 de maio seguinte, no que fai referencia a escrito remitido pola Consellería de Educación, no que se fai constar que os concellos asumirán as obras de reparación, conservación e mantemento dos centros educativos da súa titularidade, sen que se poida considerar exhaustiva a seguinte enumeración "...limpeza e axardinamento de zonas exteriores e de patios de xogos, conservación e reposición de xogos para alumnos de infantil..."

Visto o informe nº 182/2021 emitido polo Interventor da Corporación con data do 1 de xuño de 2021, e tendo en conta a Resolución da Alcaldía nº 888/2021 de 7 de xuño, na que se levantan os reparos formulados pola Intervención Municipal.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de "conservación, mantemento e vixiancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial", conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado n) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar o documento denominado "Descrición técnica para a reforma da zona de xogos infantís do CEIP Gonzálo Torrente Ballester, Sigrás", elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun importe de 28.715,17 euros sen IVE e 34.754,36 euros IVE incluído, e un prazo de execución dun mes, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 171 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000027, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Rexeitar a oferta presentada pola empresa "Murat Construcción y Mantenimiento, S.L.", xa que adolece de erro que a fai inviable consonte ao artigo 84 do RD 1098/2001 do 12 de outubro, sen que resulte posible a solicitude de aclaración, toda vez que :

- O importe do IVE non corresponde co 21 % do prezo base
- Non coincide a suma do prezo base e mailo IVE aplicado, co importe total que se indica na oferta
- Non coincide o importe sen IVE co resultado de restarlle, ao importe total, o importe do IVE indicado na oferta.

Polo tanto, procede o rexeitamento da oferta presentada pola empresa "Murat Construcción y Mantenimiento, S.L." consonte ao citado artigo 84, segundo o cal "*Si algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presupuesto base de licitación, variara substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desbotada por la mesa, en resolución motivada. (...)*"

Quinto: Adxudicar o contrato para a execución da obra contida na “Descrición técnica para a reforma da zona de xogos infantís do CEIP Gonzalo Torrente Ballester, Sigrás”, á empresa Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L, co CIF: B700***** e domicilio en rúa Pé do muíño 17 Meirás, 15168 Sada, no prezo ofertado de 28.625,00 euros sen IVE, 34.636,25 euros IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración establecido, sendo este o factor prezo.

Faise constar expresamente que a adxudicación do contrato, así como a execución da obra, quedan condicionadas á efectiva recepción das autorizacións necesarias para executa-la obra, da Xunta de Galicia e do centro educativo, téndose solicitado polo concelleiro delegado da Área de Educación, Medio Ambiente e Sanidade con data 2 de marzo de 2021 á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Universidade .

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sétimo: Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira de Obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Noveno: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de adxudicación do contrato menor para obra de “Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como reductor de velocidade en PK 0+748 de la DP-1702”, á empresa JARDINERÍA ARCE SL, no prezo ofertado de 15.348,90 € sen IVE, 18.572,17 € IVE incluído. Expediente núm. 2021/C002/000039

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 7 de xuño de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 26/02/2021 elaborouse pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, memoria valorada correspondente á obra de “Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como reductor de velocidade en PK 0+748 de la DP-1702”, cun orzamento de 13.015,48 euros sen IVE, 15.748,73 euros IVE incluído e un prazo de execución dun (1) mes.

Con esta actuación preténdese a construción dunha beirarrúa na marxe dereita da vía DP-1702 e a instalación de tres pasos de peóns, dous se materializarán co pintado das correspondentes marcas viarias, adecuándose as beirarrúas existentes aos novos elementos, e o terceiro paso de peóns será sobreelevado de maneira que actúe como reductor de velocidade, isto de acordo co disposto no Regulamento Xeral de Circulación, na Norma 8.2 IC da Instrucción de Estradas, e a Orde FOM/3053/2008 “Instrucción técnica para a instalación de reductores de velocidade e bandas transversais de alerta en estradas”.

Con data 26/02/2021, e rexistro núm. 202199900019573, enviouse solicitude de autorización á Deputación Provincial da Coruña para a execución da obra, (dado que os traballos se realizan nunha vía da súa titularidade). A resolución de autorización para dita obra foi notificada ao Concello de Cambre con data 23/03/2021.

Con data 8/04/2021 elaborouse nova memoria valorada, elaborada pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, cun orzamento de 16.156,74 euros sen IVE, 19.549,66 euros IVE incluído. Con data 31 de maio de 2021 emítase informe pola enxeñeira técnica de Obras Públicas no que fai referencia á vixencia da autorización da Deputación outorgada con data 23/03/2021 sen que resulte necesaria solicitude dunha nova.

Con data 09/04/2021 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de facer compatibles os distintos usos de movementos peonís e de vehículos, así como para dotar á zona de medidas que garantan a seguridade viaria, dada a carencia de beirarrúas accesibles en condicións seguras e o déficit de puntos de cruce e sinalización axeitados, situación esta que é obxecto de reiteradas queixas dos veciños da zona. Isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP .

Con data 13/04/2021 emítase documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 1532 61900, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 29/04/2021 emítase informe pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- JARDINERÍA ARCE SL
- EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORÍS SL
- CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL
- EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL
- ALVAC SA

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
JARDINERÍA ARCE SL	15.348,90 €	18.572,17 €
EXCAVACIONES J. CANCELA ESMORÍS SL	16.090,00 €	19.549,66 €
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL SL	16.156,74 €	19.549,66 €

formulando proposta de adjudicación da obra de "Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como reductor de velocidade en PK 0+748 de la DP-1702", á empresa JARDINERÍA ARCE SL con NIF B155*****, domicilio en rúa Manuel Murguía 4-6 entresollado - 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 15.348,90 € sen IVE, 18.572,17 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 31 de maio de 2021, e mailo informe de fiscalización nº 179/2021 – Reparos 55 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 31 de maio de 2021.

Visto o informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data do 2 de xuño de 2021 ao que se achega acta de replanteo asinada xunto co representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e mailo informe emitido pola Intervención municipal con data do 7 de xuño de 2021, no que se indica que se consideran emendadas as deficiencias que motivaron o reparo suspensivo.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de infraestrutura viaria, conforme se estipula no artigo 25.2 (apartado d) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar a memoria valorada da obra de "Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como reductor de velocidade en PK 0+748 de la DP-1702", elaborada pola enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal, cun orzamento de 16.156,74 euros sen IVE, 19.549,66 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532 61900.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2021/C002/000039, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adjudicar o contrato da obra de "Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como reductor de velocidade en PK 0+748 de la DP-1702", á empresa JARDINERÍA ARCE SL con NIF B155*****, domicilio en rúa Manuel Murguía 4-6 entresollado - 15011 A Coruña, no prezo ofertado de 15.348,90 € sen IVE, 18.572,17 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo a mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, sendo este o factor prezo.

As obras de referencia deberán executarse de acordo coas condicións xerais e particulares que constan na autorización expedida pola Deputación Provincial da Coruña con data 23/03/2021, rexistrada de entrada no Concello de Cambre coa mesma data.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de Obras Públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia